

## APERTURA DO PRAZO DE ENTREGA DE SOLICITUDES PARA PARTICIPAR NO SORTEO DE PERMISOS DE CAZA, CORRESPONDENTES A PROPIETARIOS, NA RESERVA NACIONAL DE CAZA DE ANCARES, PARA A TEMPADA 2026/2027

Dende o día 16 de abril ao 15 de maio, ambos inclusive, estará aberto o prazo para que os propietarios de terreos dentro da Reserva Nacional de Caza de Ancares (Lugo) poidan achegar as súas solicitudes para participar no sorteo dos permisos de caza correspondentes á tempada 2026/2027.

As solicitudes, estarán a disposición de tódolos interesados nos seguintes lugares:

- Servizo de Patrimonio Natural. Poden solicitarse no correo electrónico: [patrimonionatural.medio-ambiente.lugo@xunta.gal](mailto:patrimonionatural.medio-ambiente.lugo@xunta.gal)
- Casa do Concello de Cervantes
- Oficina do Servizo de Patrimonio Natural no Distrito Ambiental VII Fonsagrada-Os Ancares, na Rúa Ano Vello s/n - Becerreá (Lugo)
- Tamén facilitarán modelos de solicitude os Gardas de recursos naturais da Reserva.

As solicitudes, que deberán vir rexistradas dentro do prazo sinalado, poderán presentarse presencialmente nas oficinas de rexistro da Xunta de Galicia, no rexistro do Concello de Cervantes ou en calquera outro rexistro público habilitado, ou por vía electrónica a través do procedemento MT720P, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>), dirixido ao Departamento Territorial da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático de Lugo.

As solicitudes deberán estar correctamente cumprimentadas e asinadas. Aquelas que non conteñan todos os datos obrigatorios (parroquia e lugar polo que se solicita, DNI, enderezo completo e sinatura) non serán admitidas.

Os solicitantes deberán acreditar a súa identidade. Aqueles que non foran admitidos en convocatorias anteriores deberán, ademais, xustificar documentalmente a condición de propietarios de terreos dentro da Reserva.



A acreditación da propiedade poderá facerse mediante algún dos seguintes documentos:

- Fotocopia compulsada da escritura ou testamento onde aparezan as fincas e o seu propietario.
- Copia compulsada, expedida polo Concello de Cervantes, do Padrón de Rústica onde aparezan as fincas do solicitante.
- Calquera outro documento público que acredite ser propietario de terreos dentro da Reserva.

Admitirase unha única solicitude por propietario na que sinalará a parroquia pola que solicita, e no caso da parroquia de Donís tamén o lugar polo que solicita.

Só se admitirá a solicitude dun dos co-propietarios do terreo nos seguintes casos: bens gananciais, terreos proindivisos ou cando non exista declaración de herdeiros despois de falecer o propietario.

Se nalgunha solicitude xurdisen dúbidas sobre a titularidade dos terreos, o Servizo de Patrimonio Natural poderá requirir aos solicitantes a debida acreditación da propiedade.

A Asociación de Propietarios do Monte de Piornedo ten solicitada a adxudicación directa dos permisos que poidan corresponder ao monte abertal de Piornedo, para este fin poderán achegar unha solicitude única en representación dos propietarios.

O Servizo de Patrimonio Natural fará públicas as cotas de permisos para o sorteo por parroquias (e lugares no caso da parroquia de Donís) con posterioridade á reunión Xunta Consultiva da Reserva Nacional de Caza.

A data e lugar do sorteo será anunciada xunto coa publicación da lista definitiva de admitidos.

A xefa do Servizo de Patrimonio Natural

Laura García Rozas

